

DÍA MUNDIAL DA ARQUITECTURA 6.10.14




Cidades saudables, cidades felices.

O Día Mundial da Arquitectura na delegación en Lugo do COAG.

Con motivo do Día Mundial da Arquitectura e baixo o lema deste ano, formulamos dous temas de reflexión sobre a nosa cidade a través de dous proxectos contrapostos: o das Casas Baratas da Colonia Miño e o de Muralla Limpa, formulacións substanciais da fisionomía urbana de Lugo, co obxectivo de facer desta urbe unha cidade máis saudable e mellor planificada..., ou iso intentaron.



20:00h do 8.10.14, Delegación en Lugo do COAG, [charla coloquio](#) con **Ana Goy Diz**, profesora de Historia do Arte da USC en Lugo



"A Colonia Antonio Miño Seoane (Casas Baratas), a nosa Cidade Xardín"

Foi durante a Segunda República cando en Lugo xurdiron as primeiras propostas de renovación e transformación urbana, de acordo cos presupostos do Movemento Moderno, que defendía un novo concepto de cidade, e de igual xeito que aconteceu noutras moitas capitais de provincia, púxose en marcha a planificación do primeiro gran barrio extramuros, nas proximidades do Camiño Vello, actual Camiño Real, entre a Porta da Rúa Nova e a do Bispo Odoario. A proposta tivo o mérito de que se concibiu como un proxecto urbanístico integral que contemplaba o trazado das novas rúas e das redes de luz, auga e rede de sumidoiros antes da construción das edificacións. Estas concibíronse como vivendas independentes ou pegadas coas súas correspondentes parcelas axardinadas que configuraban as mazás regulares que xurdiron como consecuencia do trazado hipodámico das rúas. Así a arquitectura convivía coa natureza na busca dun equilibrio harmónico que permitise ao home vivir en paz. Sen dúbida, a Colonia Miño, foi todo un proxecto no que os aires da modernidade resultaban patentes, fronte á arquitectura decimonónica que aínda

seguíu tendo un forte predicamento entre as nosas xentes.

"A Operación Muralla Limpa de 1971 e a saúde dun monumento"

Cun criterio ben distinto, que poderíamos acusar de profiláctico, aínda que tamén contivese tintes especulativos, xurdiu nos anos cincuenta do século XX, o proxecto Muralla Limpa (1953-72) co obxecto de limpar e recuperar a muralla a partir da eliminación de todo o casarío que entre os séculos XVI ao XX se fora pegando a cerca, ocultándoa ata case conseguir que os cidadáns perdesen a evidencia da súa existencia. Así, impulsado polo Concello que contou para este proxecto co beneplácito de todas as institucións garantes do patrimonio, como a Dirección Xeral de Belas Artes, a Comisión de Monumentos... elimináronse todas esas edificacións que ao longo dos séculos foran xurdindo arredor da muralla e se conseguiu a través das reconstrucións realizadas, a revalorización do Monumento, iniciándose deste modo un proceso que en certo xeito culminou no ano 2000, cando se conseguiu a inclusión da muralla na Lista de Patrimonio Mundial.